

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

APARTADO PRIMEIRO. ENUNCIADO

DURANTE ESTE INVERNO UN TEMPORAL DE VENTO PROVOCOU UN LEVANTAMENTO DE VARIAS PRANCHAS DE COBRE QUE REVISTEN A CUBERTA DO EDIFICIO DO PARLAMENTO DE GALICIA.

É NECESARIO REALIZAR UNA REPARACIÓN URGENTE DOS DESPERFECTOS E DEIXAR A CUBERTA DO EDIFICIO CON PLENAS GARANTÍAS DE ESTANQUIDADE.

POLAS CARACTERÍSTICAS DESTA REPARACIÓN SERÁ PRECISO REDACTAR UN PROXECTO TÉCNICO PARA A OBTENCIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA DE OBRAS E QUE SIRVA DE PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA CONTRATALAS.

LICITARASE A CONTRATACIÓN PARA A REDACCIÓN DESTE DOCUMENTO TÉCNICO MEDIANTE UN PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO

Preguntas

1. ¿Poderá seguirse a tramitación abreviada, prevista no apartado 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público?

- a) Si, se o valor estimado do contrato é inferior a 35.000 €.
- b) Si, por tratarse da prestación dun servizo de carácter intelectual.
- c) Non se poderá seguir a tramitación abreviada en ningún caso.
- d) Non se poderá seguir esta tramitación abreviada por tratarse dun contrato de servizos.

2. ¿Podería tramitarse esta contratación polo procedemento de urxencia?

- a) Só no caso de tramitación abreviada.
- b) Si, se o órgano de contratación así o declara e o motiva debidamente.
- c) Non, por tratarse dun contrato de servizos.
- d) Non, por tratarse da prestación dun servizo de carácter intelectual.

3. ¿Quen deberá aprobar os pregos de prescricións técnicas desta contratación?

- a) O responsable da unidade de contratación.
- b) A Presidencia do Parlamento.
- c) A Mesa do Parlamento.
- d) O Pleno do Parlamento.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

4. ¿Onde deberá publicarse o anuncio de licitación desta contratación?

- a) Unicamente no perfil do contratante da Administración parlamentaria.
- b) No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no perfil do contratante da Administración parlamentaria.
- c) Unicamente na plataforma de licitación electrónica da Administración parlamentaria.
- d) No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Se no momento desta licitación non existe crédito suficiente na partida orzamentaria correspondente, ¿cal sería o expediente de modificación de crédito que se debería tramitar?

- a) Un crédito extraordinario.
- b) Un suplemento de crédito.
- c) Unha xeración de crédito.
- d) Unha ampliación de crédito.

6. Nesta contratación, na ponderación dos criterios de adjudicación avaliados mediante xuízo de valor, ¿que porcentaxe respecto do total non poderán superar?

- a) 25%
- b) 35%
- c) 45%
- d) 51%

7. De presentarse á licitación unha oferta asinada por dous o máis profesionais autónomos, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Se son adjudicatarios, poden asinar o contrato solidariamente.
- b) Se son adjudicatarios, deben comprometerse a constituír unha unión temporal de empresas.
- c) Se son adjudicatarios, teñen que constituír unha sociedade limitada profesional, tras a adjudicación.
- d) Deben estar rexistrados no correspondente colexio profesional como colaboradores habituais

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

8. Para os efectos da elaboración do proxecto, as obras descritas no enunciado clasificaranse como:

- a) Obra de reforma.
- b) Obra de reparación simple.
- c) Obra de conservación e mantemento.
- d) Obra de gran reparación.

9. No proxecto de obras, a forma en que se levará a cabo a medición das obras executadas deberá establecerse:

- a) Na memoria do proxecto.
- b) No orzamento que inclúe os prezos e o estado de medicións.
- c) No programa de desenvolvemento dos traballos.
- d) No prego de prescricións técnicas particulares.

10. Neste contrato de prestación de servizos de carácter intelectual, ¿cal dos seguintes supostos sería posible?

- a) Unicamente a cesión do contrato.
- b) Unicamente a subcontratación.
- c) Tanto a cesión do contrato como a subcontratación.
- d) Non é posible nin a cesión do contrato nin a subcontratación.

11. ¿Cómpre que o adxudicatario da redacción do proxecto obxecto deste suposto constituía garantía definitiva para a formalización do contrato?

- a) Non, por estaren os procedementos abertos simplificados eximidos de constituíla.
- b) Non, por estar a prestación de servizos de carácter intelectual eximida de constituíla.
- c) Si, debe constituír unha garantía definitiva do 5% do prezo de licitación, excluído o IVE, en todos os casos.
- d) Si, debe constituír unha garantía definitiva do 5% do prezo final ofertado, excluído o IVE.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EXERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

Preguntas reserva

R1. Respecto do pagamento do servizo de redacción do proxecto, ¿cal das seguintes afirmacións é correcta?

- a) Deberase aboar unicamente ao entregarse o proxecto á Administración e facturar ao tratarse dun servizo cuxa valía se dá coa entrega do obxecto completo.
- b) Deberase aboar ata un límite do 50% coa sinatura do contrato en concepto de operacións preparatorias contra factura de aboamento á conta.
- c) Deberase aboar contra factura, segundo transcorran períodos iguais de tempo (mensuais, bimestrais, trimestrais...)
- d) O pagamento axustarase ao ritmo requirido na execución da prestación.

R2. Unha vez aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar:

- a) A supervisión do proxecto.
- b) O replanteo previo do proxecto.
- c) A acta de comprobación do replanteo.
- d) A fiscalización do proxecto.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

APARTADO SEGUNDO. ENUNCIADO

UNHA VEZ ADXUDICADO E REDACTADO O PROXECTO E DEBIDO Á IMPERIOSA URXENCIA DA REPARACIÓN, AS OBRAS CONTRATARANSE POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, CUN ORZAMENTO ESTIMADO DE 700.000 €.

Preguntas

12. Sinale cal dos seguintes supostos NON é causa suficiente para utilizar o procedemento negociado sen publicidade:

- a) Cando a prestación obxecto do contrato inclúe un proxecto ou solución innovadoras.
- b) Cando as obras só poidan ser encomendadas a un empresario determinado por non existir competencia por razóns técnicas.
- c) Cando o contrato fose declarado secreto ou reservado.
- d) Cando a execución do contrato deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme a lexislación vixente.

13. ¿En que documento deben figurar os supostos económicos e técnicos que deban ser obxecto da negociación?

- a) No prego de prescricións técnicas da contratación.
- b) No prego de cláusulas administrativas da contratación.
- c) Na invitación aos licitadores.
- d) No acordo de aprobación dos pregos da contratación.

14. En referencia a este procedemento, sinale cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Os órganos de contratación deberán articular o procedemento nunha única fase.
- b) As fases do procedemento estableceranse no anuncio de licitación.
- c) Os órganos de contratación poderán articular o procedemento en fases sucesivas.
- d) Os órganos de contratación deberán articular o procedemento en dúas fases, a selección de candidatos e a negociación.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

15. En referencia a este procedemento, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) Negociaranse os requisitos mínimos da prestación obxecto do contrato.
- b) Os órganos de contratación revelarán aos demais participantes os datos designados como confidenciais que lle teña comunicado un licitador, aínda que non conte co seu consentimento.
- c) Non se negociarán os criterios de adjudicación do contrato.
- d) Os órganos de contratación negociarán cos licitadores todas as ofertas, incluídas as ofertas definitivas.

16. En referencia a este procedemento, sinala cal das seguintes afirmacións é correcta:

- a) A constitución da Mesa de contratación é potestativa por non ser necesario publicar anuncio de licitación.
- b) A constitución da Mesa de contratación é obrigatoria por fundamentarse o procedemento nunha imperiosa urxencia.
- c) Non se constituirá Mesa de contratación.
- d) A constitución da Mesa de contratación é obrigatoria por tratarse dun procedemento con negociación.

17. ¿Cal dos seguintes recursos administrativos se pode interpor contra o acordo polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta contratación administrativa?

- a) Recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais do Parlamento de Galicia.
- b) Recurso de reposición ante a Mesa da Cámara.
- c) Recurso de alzada ante a Mesa da Cámara.
- d) Recurso de reconsideración ante a Mesa da Cámara.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

18. Respecto da garantía definitiva neste contrato de obras, o adxudicatario:

- a) Está eximido da constitución de garantía definitiva por tratarse dun procedemento negociado sen publicidade.
- b) Está eximido da constitución de garantía definitiva por tratarse de obras motivadas por unha imperiosa urxencia.
- c) Podería estar eximido da constitución de garantía definitiva se o órgano de contratación o xustifica motivadamente.
- d) Debe constituír a garantía definitiva.

19. Respecto deste contrato, sinala a afirmación que NON é correcta:

- a) O pagamento terá lugar tras expedirse, nun prazo de 30 días seguintes ao mes que corresponda, as certificacións de obra executada e recibir a correspondente factura.
- b) Os aboamentos realizados pola Administración mensualmente, con base nas certificacións de obra expedidas xunto coas facturas do contratista, teñen carácter de pagamentos á conta suxeitos á rectificación e variacións na medición final, non supoñendo a aprobación e recepción das obras.
- c) O contratista ten dereito a percibir aboamentos á conta sobre o importe das operacións, previa constitución de garantía.
- d) O contratista poderá ceder o dereito de cobro pendente de notificación fidedigna á Administración.

20. Se no contrato de obras se estipulou como condición especial de execución a adopción de medidas medioambientais de baixo impacto, na execución das obras, sinala a quen obriga esta condición:

- a) Unicamente ao contratista.
- b) Ao contratista e a todos os subcontratistas que participen da execución.
- c) Unicamente ao contratista, ou ao cesionario do contrato se for o caso.
- d) Ao contratista en principio, mais, de o delegar este, tamén aos subcontratistas.

**PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EXERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE**

Pregunta reserva

R3. Unha condición especial de execución estipulada nos pregos desta contratación:

- a) Poderá levar consigo penalidades e considerárase obrigas esenciais.
- b) Pode considerarse obriga esencial e necesariamente será causa de resolución do contrato.
- c) Poderá levar consigo penalidades ou será causa de resolución se se lle atribuíu o carácter de obriga esencial.
- d) Comportará en todo caso o establecemento de penalidades.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

ENUNCIADO APARTADO TERCEIRO

A UNIDADE ADMINISTRATIVA DO PARLAMENTO DE GALICIA ENCARGADA DA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN CONTA COS SEGUINTE POSTOS DO CORPO ADMINISTRATIVO DO GRUPO C, COA SITUACIÓN DE PERSOAL QUE SE INDICA:

O POSTO Nº 34 DA RPT, QUE ESTABA OCUPADO POLA FUNCIONARIA XXX, QUE ACTUALMENTE PRESTA OS SEUS SERVIZOS COMO PERSOAL EVENTUAL NA XUNTA DE GALICIA COMO XEFA DE GABINETE DUNHA CONSELLERÍA.

O POSTO Nº 40 DA RPT, QUE OCUPABA O FUNCIONARIO YYY, QUE SE ENCONTRA EN SITUACIÓN DE INCAPACIDADE LABORAL PERMANENTE REVISABLE, DENDE O 2 DE FEBRERO DE 2017.

O POSTO Nº 41 DA RPT, VACANTE POR XUBILACIÓN DENDE O 28 DE XANEIRO DE 2017.

O POSTO Nº 47 DA RPT, OCUPADO POLA FUNCIONARIA WWW.

CON DATA 20 DE FEBREIRO DE 2020, A MESA DA CÁMARA CONVOCA AS PROBAS SELECTIVAS PARA INGRESAR, POR QUENDA LIBRE, NUNHA PRAZA DO CORPO ADMINISTRATIVO DO PARLAMENTO DE GALICIA, CONVOCATORIA PUBLICADA NO DIARIO OFICIAL DE GALICIA NÚM. 000, DO 21 DE FEBREIRO DE 2020 .

Preguntas

21. Tendo en conta a necesidade excepcional de persoal polo maior volume temporal de traballo, que non pode ser atendido con suficiencia polas funcionarias e funcionarios da unidade de contratación, acórdase atribuírle a un funcionario doutra unidade o desempeño temporal, en comisión de servizos, de tarefas propias daquela unidade. Sinala quen é competente para atribuír esa comisión:

- a) A presidenta ou presidente do Parlamento.
- b) A Mesa do Parlamento.
- c) A letrada ou letrado oficial maior.
- d) A directora ou director de recursos humanos.

22. ¿Cal dos seguintes trámites debe seguirse previamente á atribución da comisión de servizos?

- a) Consultar aos sindicatos que teñan a consideración de máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Dar audiencia á Xunta de Persoal.
- c) Negociar coa Xunta de Persoal.
- d) Ningún dos anteriores.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

23. ¿Cal será a duración máxima da citada comisión de servizos, que neste caso ten carácter forzoso?

- a) Catro meses prorrogables por outros catro.
- b) Seis meses prorrogables por outros seis.
- c) Seis meses improrrogables.
- d) Catro meses improrrogables.

24. O día 13 de xuño de 2018 a funcionaria WWW solicita prestar o seu servizo mediante a modalidade de teletraballo, xustificándoo por razóns familiares e para poder conciliar a súa vida persoal, familiar e laboral. Indique que órgano debe resolver a solicitude:

- a) A Mesa do Parlamento
- b) A Oficialía Maior.
- c) A xefatura da unidade responsable de recursos humanos.
- d) A Presidencia da Cámara.

25. A antedita solicitude de teletraballo é rexeitada, motivo polo que a funcionaria presenta recurso de alzada. Indique a que órgano lle compete a súa resolución:

- a) Á Comisión de Persoal do Parlamento.
- b) Á Mesa da Cámara.
- c) Á Oficialía Maior.
- d) Á Presidencia da Cámara.

26. ¿De que prazo dispón a funcionaria para a interposición do precitado recurso de alzada?

- a) Un mes.
- b) Dous meses.
- c) Tres meses.
- d) Quince días.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EJERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

27. A funcionaria XXX é cesada no seu posto de persoal eventual na Xunta de Galicia o 23 de setembro de 2018 e con data do 1 de novembro de 2019 solicita o reingreso no Parlamento. Indique cal das seguintes actuacións é a correcta:

- a) Concederáselle o reingreso na praza que ocupaba, xa que tiña reserva por estar en servizos especiais.
- b) Non se lle concederá o reingreso por presentar fóra de prazo a súa solicitude.
- c) Concederáselle o reingreso e pasará á situación de excedencia voluntaria por interese particular.
- d) Concederáselle o reingreso nun posto de igual nivel e retribución que o que tiña.

28. O funcionario YYY solicita a rehabilitación como funcionario do Parlamento de Galicia o 27 de novembro de 2018, unha vez desaparecida a causa obxectiva que motivou a súa incapacidade. Sinala a opción correcta:

- a) Non se pode admitir a rehabilitación ata que transcorran dous meses dende a desaparición da causa obxectiva que motivou a incapacidade.
- b) O funcionario será rehabilitado e quedará á disposición da Presidencia do Parlamento, atribuíndoselle o desempeño provisional dun posto de traballo correspondente ao seu corpo ou escala.
- c) O funcionario será rehabilitado e reincorporarase ao último posto de traballo que ocupase con carácter definitivo.
- d) O funcionario será rehabilitado e quedará en situación de expectativa de destino.

29. Por mor da convocatoria das probas selectivas para ingresar por quenda libre nunha praza do corpo administrativo, unha persoa interesada interpón un recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia contra as bases desta convocatoria. Sinala en que motivos debe fundamentar este recurso:

- a) En calquera dos motivos de nulidade e anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- b) Só nos motivos de nulidade previstos no artigo 47 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- c) Só nos motivos de anulabilidade previstos no artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

PROBA SELECTIVA CORPO SUPERIOR PARLAMENTO DE GALICIA
SEGUNDO EXERCICIO (13-03-2020). SUPOSTO PRÁCTICO. PRIMEIRA PARTE

30. ¿Cal é o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do precitado recurso?

- a) Tres meses.
- b) Dous meses.
- c) Un mes.
- d) Dez días.

Pregunta de reserva

R4. En decembro de 2018 a Administración parlamentaria decide convocar unha Mesa de negociación. Sinale o correcto, en relación coa data de apertura do proceso de negociación:

- a) Debe ser fixada de común acordo entre a Mesa do Parlamento, a Xunta de Persoal e os sindicatos que teñan a consideración de máis representativos na Comunidades Autónoma de Galicia.
- b) Debe ser fixada de común acordo entre a Mesa do Parlamento e os sindicatos que teñan a consideración de máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Debe ser fixada de común acordo entre a Mesa do Parlamento e a Xunta de Persoal, logo de consulta aos sindicatos que teñan a consideración de máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Debe ser fixada de común acordo entre a Mesa do Parlamento e os sindicatos que teñan a consideración de máis representativos na Comunidade Autónoma de Galicia, logo de consulta á Xunta de Persoal.